

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 20/04/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE
ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
Lista de asistentes
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
PAOLA MARIA MOCHALES

Lista de non asistentes
SONIA OUTÓN CASAL
DIEGO GARCIA SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR
JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20/04/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13 de abril de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/1253

Dáse conta de escrito do Instituto Galego de Estatística dando conta de que, en cumprimento do Plan Galego de estatística 2022-2026 (Lei 16/2021, de 20 de decembro, DOG nº 249, do 29 de decembro de 2021), están a realizar a operación estatística "Enquisa estrutural a fogares", dirixida a 9.216 vivendas de toda Galicia. Informan que neste Concello foron vivendas seleccionadas para participar. Estas vivendas serán visitadas entre o 27 de abril e o 5 de xullo. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/1210

Dáse conta do escrito presentado por Dona Aloia Insua González, solicitando autorización para organizar un acto público de carácter civico-cultural en relación á Guerra de Irán e á Guerra en Oriente Próximo, na Praza da Peixería, o día 18 de abril de 2026, en horario de 19:00 a 22:00 horas.
Dáse conta do informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/1247

Dáse conta do escrito presentado por Dona Raquel Quinzan Móndeagón, solicitando autorización para instalar varias plantas ornamentais no exterior do establecemento comercial denominado "Chislara Concept Store", que serían situadas xunto ao cristal do escaparate, sen ancoraxes permanente, responsabilizándose do mantemento, limpeza e adecuado estado dos elementos que pretende instalar.
A Xunta de Goberno Local acorda non autorizar a solicitude, por motivos de accesibilidade, dado que as persoas invidentes utilizan as fachadas dos edificios para guiarse pola vía pública.

PRP2026/1248

Dáse conta do escrito presentado por Dona Miriam Barreiro Castiñeiras, solicitando autorización para ocupación de vía pública no Barrio do Piñeiriño (zona da pista de fútbol do Parque do Piñeiriño), o día 2 de maio de 2026, en horario de 16:00 a 20:00 horas, co fin de organizar un evento promovido pola Asociación de Veciños Breogán, e relacionado co xénero K-POP, así

como a colaboración municipal coa cesión de escenario elevado, toma e corrente, 2 carpas, 3 mesas, etc.)

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/1131

Visto o informe da Policía Local, en relación coa intervención policial ocorrida en Rúa Ameixeiras - Sobradelo, no que indican que a intersección entre a Rúa Ameixeiras e a Avda. de Cambados, carece de sinalización de preferencia tanto vertical como horizontal na Rúa Ameixeiras, despois das obras realizadas na mesma.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación de sinal de STOP na intersección entre a Rúa Ameixeiras e a Avda. de Cambados, para garantir a seguridade na incorporación de vehículos dende a citada Rúa.

Dar conta ao persoal encargado da sinalización.

PRP2026/1257

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas para a adquisición de cadeiras de oficina, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA, S.L. para o subministro de catro cadeiras para a Oficina do Servizo de Vías Públicas, por un importe total de 1.216,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1258

Dáse conta da Proposta do Servizo de obras para a adquisición de 11 carpas para eventos culturais.

O concello dispón de varias carpas para o seu uso en eventos municipais, así como a súa cesión para entidades sociais, de interese cultural e deportivo. Un gran número xa non se pode usar porque a súa estrutura está moi deteriorada e non permite a súa reparación.

Na actualidade só hai 10 carpas en boas condicións para o seu uso, cantidade insuficiente nos momentos de maior demanda, como é o verán. Ademais, éstas son de cor branco, o que as fai especialmente delicadas e requiren un mantemento constante. Tamén carecen do logo distintivo do Concello.

Resulta necesario proceder á adquisición de novas carpas co fin de garantir a adecuada cobertura das necesidades municipais en materia de organización de eventos culturais, deportivos e sociais. Esta adquisición permitirá substituír progresivamente as carpas actualmente deterioradas, mellorar a imaxe institucional mediante a incorporación do logo do Concello e reducir os custos de mantemento asociados ás carpas existentes.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o orzamento presentado pola Empresa ZINGERLE GROUP IBERICA S.L. (MASTERTENT), para a adquisición de 11 carpas para eventos culturais, con teitos e 33 laterais de cor gris, incluíndo o logo do Concello nos teitos, por un importe total de 14.507,50 € (sen

IVE); 17.554,08 € (con IVE), con cargo á partida 334.62500

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1259

Dáse conta da proposta do Servizo de Alumeado Público, Auditorio, Parking Juan XXIII e Estacións de Bombeo, para a adquisición de tres bombas centrífugas submerxibles destinadas aos bombeos de Praza 2, Cachadiñas e Queixos.

Os sistemas de bombeo de Praza 2, Cachadiñas e Queixos presentan un estado de funcionamento deficiente, con equipos obsoletos e avarías recorrentes que comprometen a correcta evacuación das augas residuais.

No caso do bombeo de Praza 2, trátase dun punto clave da rede de saneamento, cun caudal elevado e unha carga hidráulica significativa. A situación actual do equipo existente non garante a continuidade do servizo, podendo producirse alivios en episodios de choiva intensa.

No bombeo de Cachadiñas, detectáronse problemas de rendemento e estanqueidade, o que provoca fallos no funcionamento e risco de vertidos ao medio receptor, especialmente en períodos de maior afluencia de augas pluviais.

Pola súa banda, o bombeo de Queixos presenta un avanzado estado de deterioro, con compoñentes mecánicos e eléctricos que non permiten reparación eficaz, sendo necesaria a súa substitución completa para garantir a operatividade.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o orzamento presentado pola Empresa Sulzer Pumps Wastewater Spain, S.A para a adquisición de tres bombas centrífugas submerxibles destinadas aos bombeos de Praza 2, Cachadiñas e Queixos, co fin de garantir o correcto funcionamento do sistema de saneamento municipal, por un importe total de 17.771,81 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1276

Tendo en conta que o Concello chegou a un acordo cos propietarios do solar do antigo Liceo para o seu uso como aparcamento disuasorio e gratuíto de xeito temporal. Para iso, é necesario continuar co seu acondicionamento, o que permitirá poñer á disposición da cidadanía un total de 100 novos estacionamentos de balde.

Fíxose necesaria a preparación e nivelación do firme, así como a execución dun acceso para vehículos na entrada principal. As obras están sendo realizadas polos operarios municipais.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a adquisición de materiais, por importe total de 10.838,87 €, con cargo á partida 133.60900, coa seguinte desaregación:

DENOMINACIÓN FISCAL DA EMPRESA	CIF/NIF	CONCEPTO	IMPORTE INCLUIDO	TOTAL	IVE
ARIDOS DEL UMIA, S.A.U	A36002558	Subministro material	2.090,57 €		
RAMÓN MANEIRO CADILLO-COMERCIAL MANEIRO	35437362C	subministro planchas mallazo	326,70 €		
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	B36533537	Subministro zahorra ZA0/32	8.421,60 €		
IMPORTE TOTAL			10.838,87 €		

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2026/1251

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de

sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 01 ao 3 de marzo de 2023, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
7.700,00 €				TOTAL

PRP2026/1250

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de marzo de 2026, por un importe total de 6.950,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	50,00 €	1.000,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	---
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1.000,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	50,00 €	1.100,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	---
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	50,00 €	500,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	3	x 50,00 €	300,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
TOTAL							6.950,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/1261

Dáse conta da proposta de corrección de erro presentada pola Concelleira de Area de Servizos Sociais, en relación a solicitude á Consellería de Política Social de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal (Plan Concertado) na que se indica o seguinte:

Onde dí:

“ SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSOAL		602.980,97 €
MANTEMENTO		20.000,00 €
AXUDA NO FOGAR	Modalidade Básica	Prestación
	119.953,80 €	Modalidade Dependencia
XESTIÓN DE PROGRAMAS		548.275,96€
INVESTIMENTO		1.392.826,18 €
TOTAL COFINANCIADO		2.684.036,91 €

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2025 é o seguinte:

PERSOAL		896.893,54 €
MANTEMENTO		20.000,00€
AXUDA NO FOGAR	Modalidade Básica	Prestación
	139.953,80 €	Modalidade Dependencia
XESTIÓN DE PROGRAMAS		1.598.323,96 €
INVESTIMENTO		1.579.737,98 €
INVESTIMENTO		0,00 €
TOTAL		4.338.640,81 €

Debería decir:

“ SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSOAL		681.570,54 €
MANTEMENTO		20.000,00 €
AXUDA NO FOGAR	Modalidade Básica	Prestación
	119.953,80 €	Modalidade Dependencia
XESTIÓN DE PROGRAMAS		548.275,96€
INVESTIMENTO		1.496.557,60 €
INVESTIMENTO		0,00 €
TOTAL COFINANCIADO		2.866.357,80 €

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2026 é o seguinte:

PERSOAL		896.893,54 €
MANTEMENTO		20.000,00€
AXUDA NO FOGAR	Modalidade Básica	Prestación
	139.953,80 €	Modalidade Dependencia
XESTIÓN DE PROGRAMAS		1.598.323,96 €
INVESTIMENTO		1.683.469,51 €
INVESTIMENTO		0,00 €
TOTAL		4.338.640,81 €

Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2026/1287

Vista a proposta da Concelleira de Servizos Sociais para adxudicar o contrato denominado "Impartición e dinamización de sesión presencial formativa a profesorado e equipos directivos de centros educativos de Vilagarcía pola conmemoración do día do pobo xitano" (8 de abril), a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o citado contrato cun orzamento de 466,00 € á Fundación Secretariado Xitano, con cargo á partida orzamentaria 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2026/1172

Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica en relación co PROGRAMA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN, que se formula como unha das iniciativas máis prometedoras para favorecer a inserción laboral e creación de emprego de calidade, en colaboración coas empresas referentes no Concello.

Os resultados acadados nas devanditas edicións foron satisfactorios tanto para as empresas como para as persoas, que, logo da mellora da súa cualificación profesional a través da formación recibida, incorporáronse ao equipo de traballo da empresa.

Nesta edición, prevese a sinatura dun convenio de colaboración coa empresa FUNDIVISA SA, que inclúe o compromiso de contratación dun mínimo de dous alumnos participantes nas accións formativas, a xornada completa, en calquera das modalidades contractuais vixentes, sen que dito compromiso derive custo algún para o Concello.

Logo da sinatura dun convenio, as empresas colaboradoras comprométese á contratación de alomenos o 30% dos alumnos participantes na formación, así como a poñer a disposición do Concello e da empresa encargada da formación as instalacións precisas para a impartición das accións formativas.

O obxecto do contrato é a contratación das devanditas accións formativas cunha empresa de formación con experiencia na impartición das materias requiridas polo perfil profesional mediante un contrato de servizos.

Visto o que antecede A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, por un importe de 14.700,00 € para a impartición dun curso de Especialista en Mecanizado e Robot de Pulida, cunha duración de 198 horas (118 teóricas e 80 prácticas), con cargo á partida orzamentaria 241-22799

- Aprobar a sinatura do Convenio coa empresa colaboradora

Con carácter previo ao inicio das accións formativas, a empresa adxudicataria, deberá remitir ao Concello copia da póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de desenvolvemento das clases e das prácticas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/1234

Dáse conta da iniciativa BONOS SON DA CASA do ano 2026. A Concellería de Promoción Económica porá en marcha unha nova edición da iniciativa de dinamización comercial e fomento do consumo no comercio local, consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros da cidade, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

a) Poranse á venda 1.875 paquetes de bonos por valor de 30€ c/u (10€+10€+5€+5€) dos que o usuario pagará 20€ e os outros 10€ correrán a cargo do Concello (1.875€ x 10€ = 18.750 €).

O Concello de Vilagarcía aportará 18.750€ mediante a transferencia á conta bancaria IBAN ES85 2080 5067 1230 4004 6449, destinada exclusivamente a esta iniciativa, titularidade da Asociación de Comerciantes Zona Aberta, logo da sinatura dun convenio de colaboración entrambas as dúas entidades, dos cales 11.250€ imputáronse ao primeiro pago e 7.500€, ao segundo pago do exercicio 2026.

b) A adquisición dos bonos de compra no pequeno comercio, farase mediante o uso da ferramenta de ticketing dixital municipal, adquirida polo concello coa co-financiación do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, a través da “línea de ayudas para el apoyo a mercados, zonas urbanas comerciales, comercio no sedentario y canales de comercialización” en el marco de la orden ict/949/2021. En el marco del plan de recuperación, transformación y resiliencia. Polo que a asistencia ao cliente 24h/7d no uso da plataforma, é de balde.

- Como en edicións anteriores é preciso utilizar unha pasarela de aboamento. Solicitado orzamento a TONIC TIME SL, NIF B87667507, aportou o mesmo por contía de 680,63 € IVE ENGADIDO, quedando o mesmo incorporado ao expediente.

- Para a xestión da plataforma de venda dos bonos, solicitouse orzamento a DIEGO ALCÁINE TORRES, NIF 35.466.795J, ascendo o custo do servizo á 1.648,63 € IVE engadido.

- Para gastos de publicidade, difusión da campaña e material gráfico prevese un investimento máximo estimado de 1.800,00 € IVE ENGADIDO.

O custo TOTAL da presente edición ascendería a 22.879,26 €

A aportación municipal terá carácter prepagable, mediante transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta).

A transferencia dos fondos, tal como recolle o convenio que se asinará entre as partes, levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo da sinatura do convenio, a unidade tramitadora, previa fiscalización pola intervención municipal, elevará nova proposta a XGL solicitando o recoñecemento da obriga. Aprobado o gasto pola XGL procederase á maior brevidade á transferencia de 11.250,00€, equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello.

2º PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 7.500,00€, equivalente ao 40% restante da aportación municipal.

A venda de bonos levarase a cabo dende o 1 de maio de 2026 ata o esgotamento dos mesmos. O prazo para gastar os bonos, rematará o 31 de maio de 2026 (inclusive).

A solicitude de participación presentarase a través da Sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal) e a presentación de solicitude de adhesión implicará a aceptación e compromiso de cumprimento das bases reguladoras da iniciativa, cuxa aprobación pola XGL, se solicita igualmente a través da presente proposta.

Co fin de levar a cabo a xestión da presente iniciativa e non contando o Concello cos medios materiais e humanos suficientes para o seu desenvolvemento, propónse a sinatura dun CONVENIO DE COLABORACIÓN coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, nos termos que se conteñen no borrador de convenio que se acompaña á presente proposta.

A iniciativa BONOS SON DA CASA 2026, ten como finalidade a dinamización e fomento do consumo nos establecementos comerciais de Vilagarcía; para a súa difusión levarase a cabo unha campaña de visibilización e comunicación online do comercio local e, para a adquisición e consumo dos bonos, será preciso utilizar a ferramenta de ticketing dixital municipal e, como se indicou, a asistencia personalizada a cidadáns e establecementos para a accesibilidade dixital e uso da ferramenta, así como a habilitación dunha pasarela de aboamento.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. A aprobación da proposta para o desenvolvemento da iniciativa BONOS SON DA CASA para a primavera 2026 polo importe total de 22.879,26 €, segundo a seguinte desagregación:

CONCEPTO	PARTIDA ORZAMENTARIA	Primeiro pago
APORTACIÓN MUNICIPAL (1.875 PACKS DE BONOS)	4311-470	18.750,00 €
ACTIVACIÓN E USO PASARELA DE ABOAMENTO	4311-22799	680,63 €
XESTIÓN DA PLATAFORMA DE VENDA	4311-22799	1.648,63 €
MATERIAL PUBLICITARIO E FOTOGRÁFICO (Estimación sobre a base do custo do material publicitario da campaña anterior)	4311-22602	1.800,00 €
T O T A L S (IVE ENGADIDO)		22.879,26 €

2. A aprobación das bases e da convocatoria BONOS SON DA CASA! Cunha aportación municipal de 18.750,00 €, nos termos especificados no convenio de colaboración.
3. A aprobación da sinatura do Convenio coa Asociación Zona Aberta nos termos que constan no borrador incorporado ao expediente
4. A adxudicación do contrato menor de servizo de activación e uso da pasarela de pago a TONIC TIME SL, NIF B87667507, por contía de 680,63 € IVE ENGADIDO
5. A adxudicación do contrato menor de servizo de xestión da plataforma de venda a DIEGO ALCÁINE TORRES, NIF 35.466.795J, por contía de 1.648,63 € IVE engadido
6. A aprobación do gasto máximo estimado de 1.800,00 € IVE ENGADIDO para publicidade e difusión da campaña en medios e redes.
7. A remisión da convocatoria a efectos da súa publicación na BDNS e extracto ao BOPPO

da provincia de Pontevedra

PRP2026/1260

Dase conta da Orde do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º_ A aprobación do proxecto OBRADOIRO DE EMPREGO LABORA XOVE 2026 CONCELLO DE VILAGARCÍA e a solicitude de subvención do mesmo, baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- ASISTENCIA OPERATIVA AOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE EMERXENCIAS E A FUNDACIÓN MUNICIPAL DE DEPORTES NAS ACTIVIDADES DE SOCORRISMO NOS ESPAZOS NATURAIS E NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL
- REALIZACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ESPAZOS PÚBLICOS NATURAIS.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 16 distribuídos nas seguintes especialidades:

- Socorrismo acuatico: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 AFDP0209/AFP0109.

- Xardinería e medioambiente. Certificados de profesionalidade NIVEL 2 AGAO0208, NIVEL 1 AGAR0309

2º_ Aprobar a solicitude á Consellería de Emprego, Comercio e emigración dunha subvención por importe de 483.995,36 €, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/TRABALLADORES	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS TRABALLADORES	TOTAL
137.932,80€	39.014,40€	273.504,00 €	33.544,16€	483.995,36 €

3º_ A aprobación do compromiso de dotación presupostaria na partida correspondente para o financiamento municipal de 33.291,02€ para o ano 2026 e 33.2961,02€ para o ano 2027 dos custos non subvencionados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, distribuída do seguinte xeito:

ANO	SALARIOS 2412.131	SEGURIDAD SOCIAL 2412.16000	GASTOS NON SUBVENCIONABLES 2412.22199 (CAPÍTULO II)	TOTAL
2026	11.152,40 €	5.493,11 €	16.645,51 €	33.291,02 €
2027	11.152,40 €	5.493,11 €	16.645,51 €	33.291,02 €
TOTAL				66.582,04 €

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/1244

A ordenanza fiscal nº II.10 reguladora da taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais regula no seu artigo 6 os seguintes beneficios fiscais:

1. Gozarán dunha bonificación do 10% da cota aqueles suxeitos pasivos que estean adscritos a un programa de compostaxe comunitaria e cumpran os requisitos esixidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa na Ordenanza reguladora do servizo.
2. Gozarán dunha bonificación do 10% da cota aqueles suxeitos pasivos que sexan usuarios do colector de biorresiduos (colector marrón) e cumpran os requisitos esixidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa na Ordenanza reguladora do servizo.

3. Gozarán dunha bonificación do 15% da cota aqueles suxeitos pasivos que estean adscritos a un programa de compostaxe individual e cumpran os requisitos esixidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa na Ordenanza reguladora do servizo.

Unha vez que se revisaron os escritos polos que se solicitaba a aplicación dos mencionados beneficios fiscais, comprobouse se reunían ou non todos os requisitos recollidos na Ordenanza fiscal e se os suxeitos pasivos tiñan ou non débeda coa facenda municipal.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o listado de concesións e denegacións dos beneficios fiscais na taxa de recollida e xestión dos residuos municipais con efectos do 01 de xaneiro de 2026 (por non se cumpriren algún dos requisitos establecidos da Ordenanza ou por figurar o suxeito pasivo con débeda coa facenda municipal) das solicitudes presentadas en prazo.

As bonificacións establecidas no artigo 6 da Ordenanza fiscal da taxa de recollida e xestión dos residuos municipais non son compatibles coas reducións previstas no artigo 5 da mesma Ordenanza.

PRP2026/1249

Dáse conta da chegada a o Departamento de Medio Ambiente o día 01/04/2026 dunha comunicación de Augas de Galicia no que achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento con rendemento insuficiente

Así mesmo fan unha serie de recomendacións para subsanar as deficiencias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora do informe de Augas de Galicia, e acorda dar conta á Empresa concesionaria do Servizo Espina & Delfin SL.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2026/1281

Mediante Resolución de transferencias, do 18 de xullo de 2025 , da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos (BOE 29 de xullo de 2025). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 18.623,45€ (€).

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2026 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2026.

A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas. Con esta proposta que se vai desenvolver nos centros educativos este ano, se pretende traballar a educación sexual a fin de responder ás inquedanzas do alumnado cunha información clara e respectuosa e promover relacións de bo trato , baseadas no respecto, a empatía e a igualdade de xénero.

Realizaranse un total de 96 sesións de 50m cada unha no conxunto dos centros educativos da vila, dirixidos ao 3º e 4º cursos da primaria aos 3º da ESO e mais ao Centro de Educación Especial

Para a realización desta actividade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, por un importe total de 6.428,00 €, con cargo á partida orzamentaria 2312.22615:

Provedor	Datos fiscais	Servizo a Prestar	Orzamento
SABELA MACEIRA	45872490-W	15,5horas /obradoiros de Educación sexual nos centros	1.090,00 €

MATO		Arnois. Vieites nº5, 36584 A Estrada /Pontevedra	educativos de Vilagarcia	
LUCIA LOPEZ	ALVAREZ	34282760-H Rúa Gómez Ulla n 12, 4ºC 15702 Santiago – A Coruña	72,5 horas /obradoiros de Educación sexual nos centros educativos de Vilagarcia	4.800,00 €
MELISA CASTRO	SILVA	44831435L Rúa Rodas nº13 15704 Santiago de Compostela – A Coruña	8 horas /obradoiros de Educación sexual nos centros educativos de Vilagarcia.	538,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2026/1254

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, para a adxudicación do contrato menor de servizos consistente na Dirección de execución material e a coordinación de Seguridade e Saúde da obra de "Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España"

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de Maio de 2025, aprobou o proxecto técnico denominado "Proxecto de Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España", redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento de licitación de 400.000 € (IVE engadido).

Con data 24 de novembro de 2025, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de « Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España», así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e anexos que rexen o mesmo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 16 de marzo de 2026, adxudicouse o contrato de obra denominado "Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España" á mercantil con NIF:B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por un prezo ofertado de 364.680,00€ (IVE incluído).

Solicitada oferta ao Arquitecto Técnico JOSE M. MILLAN ARMAS, con NIF 36095934X, ésta presenta un prezo de 13.000,00 € (IVE excluído), 15.730,00 € (IVE engadido).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Anular o crédito autorizado con documento contable D-220250030468 para a obra denominada "Peonalización e Humanización da Rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España", por importe de 15.652,00 € correspondentes á baixa da adxudicación da mesma.
2. Adxudicar o contrato menor de servizos denominado Dirección de execución material e Coordinación de seguridade e saúde da obra de "Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España", ao Arquitecto Técnico JOSE M. MILLAN ARMAS, con NIF 36095934X, por un importe de 13.000,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.730,00€, o que totaliza un importe de adxudicación de 15.730,00 € (IVE engadido), segundo a oferta que presenta e con cargo á aplicación orzamentaria 134-61900 dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2024/2/PREST/6 do orzamento vixente.

PRP2026/1255

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Turismo, para a adxudicación do contrato menor denominado " Suministro de una pantalla led portátil para eventos turísticos en Vilagarcía de Arousa", na que se indica o seguinte:

